


**A Mariña, 9 de xaneiro de 2013.** O Servizo de Patrimonio da Consellaría de Cultura vén de informar a ADEGA e a MariñaPatrimonio das accións levadas a cabo en relación coa denuncia presentada por ambas asociacións no mes de outubro sobre **danos no castro das Engrobias**, no concello de Foz. Estas denuncias foron efectuadas ao comprobar que se tiña talado o monte de eucalipto e que a posterior repoboación destruiría o xacemento protexido pola lei. O Servizo de Patrimonio confírmanos que os cortes eran ilegais, por non contaren coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e comunícanos que esta resolve non autorizar novas plantacións de eucalipto nas parcelas que ocupan o xacemento. Dende ADEGA preguntámonos que sería deste patrimonio sen a intervención das persoas e colectivos comprometidos coa súa conservación. Para que está entón a Xunta, para tramitar expedientes?



Estas resolucións, sen dúbida, constitúen unha boa noticia ao garantir que a industria do eucalipto non destrúa este ben patrimonial. A industria madereira é na actualidade o maior inimigo do noso patrimonio arqueolóxico sendo responsables de decenas de agresións a diferentes tipos de xacementos. A inmensa maioría destas agresións non se chegan a denunciar nin mesmo a coñecer porque é moi difícil saber o que sucede no monte.

ADEGA e MariñaPatrimonio agradecen aos veciños de Foz que controlaron e avisaron sobre o que estaba sucedendo no castro das Engrobias evitando así a destrución dunha das xoias coas que conta a parroquia de San Martiño de Mondoñedo.

Recoñocemos tamén o interese e o labor realizado polo alcalde de Foz que contribuirá, sen dúbida, a preservar este importante castro.

Ligazóns fotos: https://picasaweb.google.com/101936272298621785797/CastrosEngrobiasSanMartinoFozLugo